



Expediente IET: P-21-119
Proxecto: Parque eólico Legre
Concellos: Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, S.L.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 07/07/2022 o Servizo de Enerxía e Minas da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Legre.

1. Antecedentes:

Con data do 19/04/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística do proxecto.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A documentación que se somete a informe é o estudo de impacto ambiental (con data de outubro 2021, asinado o 30/03/2022) e un arquivo en formato *shapefile* coa representación gráfica das infraestruturas e instalacións do parque eólico.

O proxecto consiste na construción do parque eólico Legre, de 37,95 MW, composto por 7 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora 30/220 kV, edificio de control e unha torre meteorolóxica). Os aerogeradores terán unha altura de buxa de 115 metros e 170 metros de diámetro de rotor, e estarán limitados a unha potencia unitaria de 5,42 MW coa excepción do LEG-04 que o estará a 5,43 MW. O edificio de control executarase nunha soa planta de forma rectangular, cunhas dimensións de 28 metros x 10,5 metros. Os camiños proxectados de nova execución acadan unha lonxitude de 8.256 metros, e será necesario, ademais, acondicionar un total de 11.611 metros de camiños existentes. A lonxitude total das gabias para o cableado é de 16.274 metros.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo VIII).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase na grande área paisaxística de Galicia Central, na comarca paisaxística de Terra de Ordes. As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas son a AEIP-07-02 Mezonzo, situada a 9,7 km ao suroeste, e a AEIP-10-08 Fragas do Mandeo a 11,5 km ao norte. A maior distancia localízanse a AEIP-07-01 Fraga das Barbudas e Val do Cambás e a AEIP-10-09 Monte do Xalo, ambas situadas a máis de 14 km en dirección nordés e noroeste, respectivamente. Respecto aos miradoiros, os máis próximos son o de Monte Medela, a 4 km ao noroeste e os de Bandoxa e Rodeiro a 6,2 km e 7 km, respectivamente, ao nordés. Máis lonxe sitúanse os de Monte de San Nicolau, 8 km ao sur, e Enxameado a 10 km ao sueste. En relación a outros elementos de interese recollidos no Catálogo, cabe sinalar polo interese panorámico e etnográfico a senda PR-G 117 da Fraga dos Muíños, a uns 2 km ao suroeste do parque, e o Camiño Inglés de Santiago, a uns 6 km ao noroeste. Ademais, na contorna do parque aparecen os lugares de especial interese paisaxístico (LEIP), identificados no proceso de participación pública do Catálogo das paisaxes, como son a Casa Grande de Xanceda e a antiga escola de Xanceda.

As infraestruturas distribúense en tres sectores dentro da poligonal do parque: as posicións 4, 5, 6 e 7 nos Agros da Revolta, Montes de Brufe e Monte Cadaval ao nordés, a posición 3 nos Altos de Cabrui na zona central, e as posicións 1 e 2 nos Montes da Zorra ao suroeste. Trátase dunha zona de relevo ondulado e suave, sen grandes elevacións, que se estende entre as bacías do rego Carboeira e os ríos Maruzo, Mendo, Samo e Traveso. Predomina unha paisaxe agroforestal conformada por un mosaico de parcelas dedicadas a pasteiros e cultivos forraxeiros na contorna dos núcleos rurais, e plantacións forestais, principalmente de eucalipto; aparecendo zonas con frondosas caducifolias e masas de vexetación autóctona na contorna das canles fluviais. Os núcleos rurais son abondosos, de escasa entidade e moi dispersos, sendo os núcleos de maior entidade máis próximos os de Cesuras, Mesía e Curtis, todos eles nun radio aproximado de 5 km respecto das infraestruturas do parque. As principais vías de comunicación do ámbito correspóndense coa Autovía do Atlántico AP-9, a estrada nacional N-634 e as autonómicas AC-840, AC-223 e AC-524.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia; unha descrición das características básicas do proxecto; un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito; calcúlanse as cuncas visuais e se analiza a visibilidade apoiándose en infografías; identifícanse e valóranse os impactos e





se describen as medidas preventivas e correctoras adoptadas para minimizalos, incluíndo a xustificación de como se incorporaron ao proxecto as Directrices de paisaxe.

Segundo a análise de visibilidade realizada no EIIP, os aeroxeradores serán visibles dende distintos elementos de interese paisaxístico como son os miradoiros, as rutas de sendeirismo e o Camiño de Santiago, e os LEIP mencionados anteriormente. En canto á incidencia sobre os núcleos rurais, esta será elevada, posto que ao redor do parque existen distintos asentamentos, situados a curta distancia das infraestruturas. Así mesmo, dentro da cunca visual do parque, nun radio de 5 km localízanse os núcleos urbanos de Cesuras, Mesía e Curtis. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, o cal lles confire unha alta visibilidade nun territorio de marcado carácter agrario. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía cos outros desenvolvementos eólicos en funcionamento, autorizados ou en tramitación na contorna, situándose o máis próximo a uns 3 km ao sur dos aeroxeradores máis occidentais do parque.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística, as cales están en relación coas determinacións das Directrices de paisaxe e que poden considerarse en xeral adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe, se ben deberanse completar co que se indica no apartado seguinte.

6. Conclusión:

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Entre as zonas afectadas pola incidencia visual caben destacar os miradoiros de Monte Medela e Bandoxa, a ruta de sendeirismo PR-G 117 da Fraga dos Muíños, o Camiño Inglés de Santiago e os núcleos de poboación máis próximos. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico.

O proxecto incorpora un EIIP, cuxo contido axústase en xeral ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben deberase completar segundo as seguintes indicacións:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
- En relación ao edificio de control, debido ao tipo de edificación que constitúen, é dicir, instalacións de infraestrutura eléctrica e en relación á directriz de paisaxe DX.17.c.4, considérase máis axeitado empregar técnicas e materiais propios deste tipo de instalacións e que busquen a maior integración cromática e textural posible. Polo tanto, os materiais empregados deberán presentar acabamentos que transmitan unha imaxe de calidade, evitándose as imitacións da arquitectura tradicional. Así mesmo, de non se manter as plantacións forestais na contorna da parcela, recoméndase dispor unha pantalla vexetal no perímetro da instalación realizada con especies autóctonas de acordo coas directrices de paisaxe DX.17.b e DX.20.o.



En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

